

ACORDO DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS PARA A APERTURA DUN NOVO CONSULTORIO MÉDICO EN REBOREDO-CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde firmou o día 26.12.2025 co Concello de San Cibrao das Viñas o instrumento convencional arriba referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Prorrogar expresamente o Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de San Cibrao das Viñas para a apertura dun novo consultorio médico en Reboredo-Concello de San Cibrao das Viñas, ata o 31.12.2026.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta en que:

O 16 de outubro de 2024 formalizouse o Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de San Cibrao das Viñas para a apertura dun novo consultorio médico en Reboredo-Concello de San Cibrao das Viñas.

A cláusula decimo primeira do citado convenio, relativa a súa vixencia, establece “O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o remate das obras de acondicionamento do inmovible e a posta en marcha do consultorio coa data límite, en todo caso, do 31 de decembro de 2025, podendo ser prorrogado, de conformidade co previsto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, por acordo unánime das partes.”

Por escrito do 26 de novembro de 2025, o Concello de San Cibrao das Viñas comunica a imposibilidade de realizar as actuacións necesarias para a correcta execución das obras de acondicionamento co fin de destinar o inmovible a consultorio médico



no prazo de vixencia do convenio, e solicita a súa prórroga ata o 31 de decembro de 2026.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado acudir á sinatura do instrumento convencional que se asinou, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

